

BANCO LIBROS DA ANPA CURSO 2024/2025

COMPATIBILIDADE: este banco dótase de **libros cedidos ou doados**, repartidos entre os demandantes segundo o criterio establecido pola xunta Directiva da ANPA, polo que é totalmente **compatible co banco de libros do fondo solidario da Xunta de Galicia**, de xeito que poden ser solicitados **ámbolos dous a vez**; unha vez resolta a solicitude da Xunta, se esta é negativa, atenderase a da ANPA (é dicir, que **se non che conceden os da Xunta poden emprestarche os da ANPA**).

IMPORTANTE: POR FAVOR, **AVISÁDENOS QUEN SOLICITA TAMÉN OS DA XUNTA E SI LLOS CONCEDEN** para saber exactamente de canto estoque dispoñemos!!

BAREMO: O noso sistema de empréstito segue un baremo totalmente diferente (non ten nada que ver coa RENDA). **Outorganse por orde de solicitude**, polo que é importante que se fagan canto antes, tendo **prioridade** á hora de recibir os nosos libros: aqueles que **xa participaron no noso banco de libros, doadores de libros, socios/as...**

- 🙏 **DOAZÓNS:** Precisamos da **solidariedade das familias para que doen os libros que xa non precisen, para TODOS os cursos** pois neste intre NON TEMOS ESTOQUE. Podendo así ser re-utilizados e darlles unha nova vida empréstándollos a outros rapaces e rapazas.

A entrega de doazóns farase preferiblemente nas datas propostas para a devolución dos libros empréstados. **Levamos un rexistro** cos vosos datos para que quede constancia da doazón e poder ter **prioridade a hora a de solicitar libros** do noso banco de empréstito. **Moitas grazas de antemán a vosa solidariedade!!**

- **DIRIXIDO a 1º da ESO (so Bioloxía), 3º e 4º da ESO e 1º e 2º de BACH.**

En **1º e 2º da ESO non hai banco de libros** porque forman parte do programa e-Dixgal e traballan con **libros dixitais** da aula virtual, **agás en bioloxía de 1º ESO que terán libro físico** a petición do departamento de bioloxía do centro.

- **SOLICITUDES:** durante o **mes de xuño** poderán solicitarse os libros a través do **WhatsApp** da ANPA no **teléfono 634 851 860**. Indicando: nome do ALUMNO/A, LIBROS QUE SOLICITA E CURSO.
- **ENTREGAS:** Unha vez estudadas e resoltas as solicitudes, durante o mes de xullo **notificaremos** a cada alumno/a os libros outorgados e cando **poden pasar a recollelos no mes de setembro**.

Mentres teñamos libros en estoque, **seguiremos admitindo solicitudes**, incluso comezado o novo curso, **ata esgotar existencias!**

➔ **DEVOLUCIÓN dos libros XA empréstados: NOS RECREOS (11:30-12:00h) do 17 ao 21 XUÑO 2024, na sala de reunións 1** (ao carón da aula de tecnoloxía na planta baixa, fronte á saída/entrada lateral do centro). O alumnado deberá devolver os libros empréstados en bo estado (sen rotura, sen escritura...). No caso de non ser así, a Xunta Directiva da ANPA aplicará a sanción que estime oportuna (compra e reposición do libro, penalización no empréstito de libros...).

Para calquera dúbida, quedamos ao voso dispor 😊

Un saúdo,

A Xunta Directiva da ANPA Caramcheiro do IES Nº1 de Ribeira

En Ribeira, a 29 de maio do 2024